



CAN PARADE 2017

Convocatoria aberta para artistas de todas as disciplinas

A IDEA: O obxectivo principal da Can Parade é o de sacar a arte a rúa como premisa fundamental. Seguimos coa filosofía inicial de aproveitar espazos urbanos para a súa posta en valor tomando nesta edición como referencia a Praza do Concello do Porriño.

QUEN PODE PARTICIPAR? Buscamos creadores e creadoras novas. Poden ser creadores/as individuais ou colectivos artísticos. E non nos importa a disciplina artística elixida.

EN QUE CONSISTE? Cada un dos/as artistas seleccionados decorarán libremente a silueta dun Can de Cans, o famoso emblema do Festival, dándolle o seu toque persoal. A liberdade é total e absoluta, tanto en materiais, como no número e no tipo de intervencións sobre a silueta.

QUE HAI QUE FACER PARA PARTICIPAR? As persoas interesadas deben remitir un correo electrónico a canparade@festivaldecans.com antes do 28 de abril no que manifesten o seu desexo de participar e inclúan os seus datos persoais (incluídas as súas contas en redes sociais, se as teñen), a súa formación e un portfolio, ben sexa imaxe, documento en pdf ou calquera outro formato no que se poidan ver algúns dos seus traballos. Unha comisión de persoas da organización do Festival, coordinada por Alberto Alcalde, escollerá as 10 propostas finalistas.

E SE ME ELIXEN, QUÉ PASA? Darémosche unha silueta do Can e unha data e lugar de entrega. O obxectivo final é que o xoves 25 de maio estean todas as siluetas “tuneadas” e expostas no Porriño, listas para someterse á votación do público.

VOTA O PÚBLICO? Si. O Can gañador será seleccionado polo público asistente á Can Parade o xoves 25 de maio de maio. As papeletas de votación terán tres espazos nos que se outorgarán 3, 2 e 1 punto aos cans que cada quen prefira... e só serán válidas as papeletas que teñan cubertos os tres espazos. Ademais, Alberto Alcalde, gárdase tamén a posibilidade de entregar papeletas de votación a quen considere, persoas tales como invitados ao festival, autoridades, xornalistas, artistas, etc.

E HAI PREMIO? Aínda que non é obxectivo primordial da Can Parade, si que haberá un pequeno premio: un trofeo feito polo artista local Paco Candán e unha achega en metálico patrocinada polo Círculo Recreativo Cultural de Porriño, que integrará a peza gañadora na súa colección de arte. O Can gañadora pasará a formar parte da colección de arte da entidade porriñesa.

DURANTE O FESTIVAL: Para que os cans poidan ser vistos por máis xente, estarán expostos nas salas de proxección do Festival.

ANÍMASTE A DARLLE O TEU TOQUE AO CAN DE CANS?